



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 180/143  
CONTA XERAL ANO 2020

## PROPOSTA

**Asunto:** Rendición da Conta Xeral

**Ano:** 2020

**Órgano:** Alcalde-Presidente

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2020, e ao obxecto de dar cumprimento aos prazos previstos no artigo 212.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Presidente da entidade renderá a Conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

A Conta Xeral formouse nos prazos regulamentarios, polo que, proponse ao Excelentísimo Sr. Alcalde-Presidente:

A) Render a Conta Xeral do ano 2020, integrada por:

A Entidade Local.

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

O perímetro de consolidación é o previsto no artigo 166 do TRLRFL, entes con orzamento limitativo.

Composta polos seguintes estados:

Balances.

Conta de resultado económico-patrimonial.

Estado de cambios no Patrimonio Neto.

Estado de fluxos de efectivo.

Estado de liquidación do Orzamento.

Memoria e demais estados complementarios.

A Memoria achégase coa desagregación que establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e co detalle e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron no transcurso do ano 2020.

b) Someter a Conta ao ditame da Comisión Especial de Contas e aos requisitos e trámites que esixe o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación por Resolución da Alcaldía de 18 e 26/06/2019 texto consolidado do 04/09/2020)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/04/2021 17:17

Páxina 1 de 1

Expediente 180/143

CSV: 23E7DH-382E3F-C73HA7-C535SD-XA4C2J-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>